



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Bases Históricas e Documentación en Terapia Ocupacional		Código	653G01108	
Titulación	Grao en Terapia Ocupacional				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	7	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Ciencias da SaúdeFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas				
Coordinación	Meijide Failde, Rosa	Correo electrónico	rosa.meijide.failde@udc.es		
Profesorado	Meijide Failde, Rosa Santos del Riego, Sergio Eduardo Sobrido Prieto, María	Correo electrónico	rosa.meijide.failde@udc.es sergio.santos.delriego@udc.es maria.sobrido@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Esta materia inclúe as bases históricas, fundamentos e documentación da Terapia ocupacional</p> <p>Inclúe dous obxectivos moi diferenciados: Nas bases históricas e iniciación aos fundamentos pretendemos que os alumnos ao final do curso teñan coñecemento da historia da Terapia Ocupacional e dos principais autores que contribuíron ao seu nacemento e desenvolvemento. Ademais se iniciará aos alumnos nos fundamentos teóricos e principios filosóficos da Terapia Ocupacional e comezarán a ter contacto cos diferentes marcos de referencia de Terapia Ocupacional necesarios para recoñecer e interpretar os procesos de función-disfunción ocupacional. E un segundo obxectivo referente á documentación en terapia ocupacional na que se verá cal é a estrutura dos traballos científicos en ciencias da saúde e a recuperación da información científica en Terapia Ocupacional.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Explicar a relación entre o funcionamento ocupacional, a saúde e o benestar.
A2	Explicar os conceptos teóricos que sosteen a terapia ocupacional, expresamente a natureza ocupacional dos seres humanos e o seu funcionamento a través das ocupacións.
A3	Sintetizar e aplicar o coñecemento relevante de ciencias biolóxicas, médicas, humanas, psicolóxicas, sociais, tecnolóxicas e ocupacionais, xunto con as teorías de ocupación e participación.
A4	Analizar as complexidades de aplicar teorías formais e evidencia de investigación en relación coa ocupación no contexto dunha sociedade en cambio.
A5	Constatar e influir no debate racional e no seu razoamento en relación coa ocupación humana e a terapia ocupacional.
A7	Escoger, modificar e aplicar teorías apropiadas, modelos e métodos da práctica para encontrar a ocupación segundo as necesidades de saúde de individuos/poboacións.
A14	Valorar criticamente a práctica da terapia ocupacional para asegurar que o foco está sobre a ocupación e o funcionamento ocupacional.
A19	Apreciar e respetar as diferenzas individuais, creencias culturais, costumes e a súa influencia sobre a ocupación e a participación.
A22	Demostrar continuamente o proceso de aprendizaxe e cambios na TO.
A25	Identificar a necesidade de investigar e buscar publicacións relacionadas coa ocupación, a terapia ocupacional e/ou a ciencia ocupacional e formular preguntas de investigación relevantes.
A26	Demostrar habilidades na propia búsqueda, o exame crítico e a integración da literatura científica e outra información relevante.
A29	Desarrollar o coñecemento de ocupación e da práctica da terapia ocupacional.
A34	Considerar os avances en saúde, coidado social, sociedade e legislación a nivel internacional, nacional e local que afecten aos servizos de terapia ocupacional.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.



B4	Trabajar de forma autónoma con iniciativa.
B8	Capacidad de análisis y de síntesis.
B9	Capacidad de aplicar los conocimientos a la práctica.
B10	Conocimientos básicos de la profesión.
B12	Conocimientos generales básicos sobre el área de estudio.
B13	Resolución de problemas.
B16	Habilidad para trabajar de manera autónoma.
B19	Comunicación oral y escrita en la lengua materna.
B21	Habilidades básicas de manejo de ordenadores.
B24	Habilidades de gestión de la información (habilidad para buscar y analizar información proveniente de diversas fuentes).
B25	Capacidad de crítica y autocrítica.
B27	Capacidad para generar nuevas ideas.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma.
C3	Utilizar las herramientas básicas de las tecnologías de la información y las comunicaciones (TIC) necesarias para el ejercicio de su profesión y para el aprendizaje a lo largo de su vida.
C6	Valorar críticamente el conocimiento, la tecnología y la información disponible para resolver los problemas con los que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional y ciudadano la importancia del aprendizaje a lo largo de la vida.
C8	Valorar la importancia que tiene la investigación, la innovación y el desarrollo tecnológico en el avance socioeconómico y cultural de la sociedad.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer a historia e a evolución da Terapia Ocupacional e os principais autores	A1 A2 A5 A29	B1 B4 B8 B10 B12 B19 B24	C1 C3
Explicar os conceptos teóricos que sosteñen a terapia ocupacional, expresamente a natureza ocupacional dos seres humanos e o seu funcionamento a través das ocupacións	A1 A2 A3 A4 A5 A19 A22 A29	B1 B3 B8 B10 B19	C1 C6
Iniciarse no coñecemento dos fundamentos teóricos e principios filosóficos, modelos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de Terapia Ocupacional necesarios para recoñecer e interpretar os procesos de función-disfunción ocupacional.	A1 A2 A3 A7 A14	B1 B4 B8 B10 B12 B19 B27	C1 C3



Comprender o proceso de saúde, enfermidade e a discapacidade. Explicar a Clasificación Internacional de Funcionamento, Discapacidade e Saúde (OMS)	A1 A3 A19 A34	B1 B3 B8 B9 B10 B12	C1 C3
Identificar a estrutura e tipoloxía dos traballos científicos nos seus diferentes soportes	A26	B1 B2 B3 B4 B8 B13 B16 B19 B21 B24	C1 C3 C6 C7 C8
Identificar os sistemas de búsqueda e recuperación da información científica en ciencias da saúde.	A25	B1 B2 B3 B4 B8 B10 B12 B13 B16 B19 B21 B24 B25 B27	C1 C3 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE I TEMA I. CONCEPTOS, BASES HISTÓRICAS E FILOSOFICAS EN TERAPIA OCUPACIONAL	1.- Concepto e definición de Terapia Ocupacional. 2.- Obxetivos e ámbitos de actuación da Terapia Ocupacional. 3.- Historia e evolución da Terapia Ocupacional. Desenrolo no marco das ciencias da saúde. Principais autores. 4.- Saúde e enfermidade. Teoría da enfermidade e da incapacidade. Clasificación internacional do funcionamento, discapacidade e saúde. CIF. 5.- Fundamentos filosóficos da Terapia Ocupacional. 6.- Concepto de ocupación como característica evolutiva e principal actividade dos seres humanos. Dimensións biolóxica, psicolóxica e social da ocupación.
BLOQUE I. TEMA II. ORGANIZACION DO COÑECEMENTO EN TERAPIA OCUPACIONAL. MARCOS DE REFERENCIA	7.- Organización do coñecemento en Terapia Ocupacional: Marcos de referencia teóricos primarios, Marcos de referencia da disfunción física: cinesiolóxico/biomecánico; neuromotriz e neurolóxico- evolutivo; perceptivo-cognitivo. Marcos de referencia da disfunción psico-social: conductual; cognitivo; analítico; humanista.
BLOQUE I. TEMA III. ACTIVIDADES OCUPACIONALES	Actividades ocupacionais. Obradoiros



BLOQUE II.- DOCUMENTACIÓN EN TERAPIA OCUPACIONAL TEMA I. FONTES DE INFORMACIÓN	1.- Características e clasificación 2.- As revistas científicas 2.1. O artigo científico orixinal 2.2. O artigo de revisión 2.3.- Calidade e avaliación da publicación científica 3.- Literatura gris 4.- Ética na publicación científica
BLOQUE II.- DOCUMENTACION EN TERAPIA OCUPACIONAL TEMA II: RECUPERACIÓN DE INFORMACIÓN BIBLIOGRÁFICA	1.- Localización de libros y manuales: os catálogos 2.- Localización de artigos: bases de datos bibliográficas 2.1.- Elaboración dunha estratexia de busca 2.2.- Identificación de bases de datos adecuadas:

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	A26 B2 B8 B12 B13 B19 B21 C1 C3 C6 C7	4	4	8
Sesión maxistral	A2 A1 A3 A4 A5 A7 A14 A19 A29	39	30	69
Proba mixta	A1 A22 A26 B1 B2 B4 B8 B10 B12 B13 C1	5	0	5
Lecturas	A2 A1 A4 A25 A26 B1 B3 B4 B10 B12 B16	10	10	20
Obradoiro	A2 A1 A3 A7 A14 A29 A34 B10 B24 B25	20	15	35
Traballos tutelados	A2 A1 A14 A19 A29 B2 B3 B9 B12 B27 C8	6	25	31
Atención personalizada		7	0	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxetivas. No referente a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenrolo. Ademais, en canto ás preguntas obxetivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Permite adquirir competencias xenéricas referenciadas en esta asignatura.



Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se teñen recollido i editado como fonte de profundización nos contidos traballados. Permiten adquirir as competencias específicas referenciadas nesta asignatura.
Obradoiro	Mediante diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) o alumnado desenvolverá tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	Se realizarán varios traballos relacionados con algún dos apartados dos temas do programa que seleccionará o profesor: algúns de modo individual e outros en grupo. Os pasos a seguir son: selección do tema, documentación, guión xeral, sesións periódicas co profesor para o seguimento, presentación escrita, preparación da presentación i exposición na aula, no seu caso.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Proba mixta Presentación oral Sesión maxistral Obradoiro	A atención personalizada farase, globalmente, mediante tutorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupais. Terase en conta aos alumnos con dedicación a tempo parcial

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A1 A14 A19 A29 B2 B3 B9 B12 B27 C8	Se realizarán varios traballos relacionados con algúns dos apartados dos temas do programa que seleccionará o profesorado: algúns de modo individual e outros en grupo. Os pasos a seguir son: selección do tema, documentación, guión xeral, sesións periódicas co profesor para o seguimento, presentación escrita, preparación da presentación e exposición na aula, no seu caso.	20
Proba mixta	A1 A22 A26 B1 B2 B4 B8 B10 B12 B13 C1	Se realizarán dúas probas mixtas para cada un dos bloques según instrucións do profesorado.	65
Presentación oral	A26 B2 B8 B12 B13 B19 B21 C1 C3 C6 C7	A presentación oral se evaluará individualmente e será unha das partes a evaluar de cada un dos traballos tutelados realizados	3
Sesión maxistral	A2 A1 A3 A4 A5 A7 A14 A19 A29	Se rexistrará e valorará a asistencia e participación ás clases de presentación de contidos	4
Obradoiro	A2 A1 A3 A7 A14 A29 A34 B10 B24 B25	Se valorará a asistencia e aproveitamento dos obradoiros organizados	8

Observacións avaliación



Os aspectos e criterios que se terán en consideración ao avaliar as actividades son a asistencia, participación e compromiso individual e grupal, coherencia dos contidos abordados, coñecementos demostrados nos exames teóricos e prácticos e competencias referidas para esta materia. O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honra (Graciable)

A materia está dividida en dous bloques con avaliación independente: Bloque I: Nota ata 7 Bloque II: Nota ata 3

AVALIACION DO BLOQUE I: BASES HISTORICAS DE TERAPIA OCUPACIONAL (70% da nota):

Dun total de 7 puntos correspondente a este bloque:

O exame será un 70% do total do bloque 1 (4,9);

A asistencia e aproveitamento ao 80% das clases, un 10% do total do bloque 1 (0,7); traballos realizados, un 20% do total do bloque 1 (1,4). Será preciso obter un 5 sobre 10 no exame para aprobar, non se sumando as outras actividades se non se aproba o exame.

AVALIACIÓN DO BLOQUE 2: DOCUMENTACION EN TERAPIA OCUPACIONAL (30% da nota)

A avaliación (sobre un 100%) repartirase da seguinte forma

50% (Probas obxetivas)

50% (Traballos Tutelados)

Para poder aprobar esta parte da materia será requisito

indispensable cumprir coas seguintes premisas:

Realizar, tanto na

primeira como na segunda oportunidade, o 100% de cada unha das metodoloxías establecidas: proba de ensaio e traballos tutelados.

Lograr polo menos, a

metade da puntuación establecida como máxima, en cada unha das metodoloxías que computan na avaliación: proba de ensaio e traballos tutelados.

*Aqueles alumnos que no

superen a convocatoria de xuño, só deberán examinarse das partes non superadas na convocatoria de xullo.

Dado o carácter práctico desta materia, levarase a

cabo unha avaliación continua. Ademais dos traballos tutelados, a materia de Documentación poderán ser avaliadas ao finalizar a docencia (diciembre).

OBSERVACIÓNS XERAIS DA EVALUACION DA MATERIA

Se o alumno suspende unha parte en xaneiro, só terá que presentarse á parte suspensa na convocatoria de xullo. No caso de que o alumno non supere a convocatoria de xullo, tería a materia suspensa e a parte aprobada non se gardaría para cursos posteriores.

Para a calificación de matrícula de honra os aspirantes poderán ser convocados a unha proba voluntaria obxectiva para asignar as matrículas ás mellores cualificacións. Otorgarase, como manda a normativa da UDC, ás calificacións superiores a 9.

Os aspectos e criterios que se terán en consideración para avaliar as distintas actividades serán a asistencia, participación e compromiso individual e grupal, a coherencia dos contidos abordados, a expresión oral e escrita e os coñecementos demostrados.

Segundo a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo do alumnado de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 4/05/2017), cando un(ha) estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) da devandita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación da/o estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa. Por tanto, a concesión á solicitude da devandita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da Comisión académica do Grao en Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a perda do dereito á oportunidade na que se cometa a falta e respecto da materia na que se tivese cometido. Nas actas figurará un non presentado nesta oportunidade



Fontes de información

<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Schell, Gillen Scaffa (2015). Willard, Spackmann Terapia Ocupacional, 12ª ed. . Méjico: Ediitorial Médica Panamericana - Gómez Tolón. J. (1997). Fundamentos Metodológicos de la Terapia Ocupacional&quot;. 1ª Ed. Zaragoza: Editorial Mira - Crepeau, Cohun, Schell (2011). Willard, Spackmann Terapia Ocupacional, 11ª ed.. Méjico: Ediitorial Médica Panamericana - Kielhofner G. (2006). Fundamentos conceptuales de la terapia ocupacional. 3ª ed. Editorial Panamericana - Polonio Begoña y cols. (2003). Conceptos fundamentales de Terapia Ocupacional. . Editorial Panamericana - Romero A. Moruno P. (2003). Terapia Ocupacional. Teoría y Técnicas. Madrid: Masson <p>Bibliografía del bloque DOCUMENTACIÓN EN TERAPIA OCUPACIONAL: Sobrido Prieto M, Talavera Valverde MA, Gutiérrez Couto U. El artículo científico en terapia ocupacional. Madrid; síntesis; 2017. Day R. Cómo escribir y publicar trabajos científicos. 2ª ed. Washington : OPS, Oficina Sanitaria Panamericana, 1996 Durán Martínez R, Gómez Gonçalves A, Sánchez Sánchez, ME. Guía didáctica para la elaboración de un trabajo académico [Internet]. Zamora: Iberoprinter, 2017 [citado 10 julio 2018]. Disponible en: https://gredos.usal.es/jspui/bitstream/10366/132754/1/dpee_Gu%C3%ADatrabajoacad%C3%A9mico.pdf Iñesta García, A. Webs y buscadores en Ciencias de la Salud [Internet]. Madrid, Escuela Nacional de Sanidad (ENS) Instituto de Salud Carlos III, 2012. [citado 10 julio 2018] Disponible en: http://gesdoc.isciii.es/gesdoccontroller?action=download&id=20/12/2012-c4cf662b7d González de Dios J, González-Muñoz M, Alonso-Arroy A, Aleixandre-Benavent R. Comunicación científica (III). Congresos científicos (2): Claves para elaborar un buen póster científico. Acta Pediatr Esp [Internet]. 2013 [citado 10 julio 2018]; 71 (7): e186-e188. Disponible en: http://webs.ucm.es/BUCM/med/doc22199.pdf</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

En cada tema se aportará bibliografía específica. O profesor responsable se reserva a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación e outros aspectos que serán notificados aos estudantes con suficiente antelación. Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)" os traballos documentais que se realicen nesta materia: a.- Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático. b.- De realizarse en papel: Non se empregarán plásticos; Realizaranse impresións a dobre cara; Empregarase papel reciclado; Evitarase a realización de borradores. 4. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarse para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificarlos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. 5. "A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese; o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías